

O día da fes- ta


A FESTA DOS MOZOS

A espectación no día da festa é moi grande. Dende moi cedo chega xente dos arredores: Aldán, Cangas, Moaña, Marín, Bueu, Cela e Meiro. Xunto cos turistas tamén chegan os familiares e coñecidos, aos que xa hai moito tempo que non se mira. Estas visitas e a mesma festa serven de excusa para facerse traxes novos e sair á rúa vestidos de domingo. E como non se entende a festa sen estrenar algo novo, tamén se inauguran manteis na comida familiar. Tal cantidade de xente en festa é vista polos máis *agudos* como un bo negocio, atraendo a tipos curiosos e toda clase de picariños. Neste sentido o *Faro de Vigo* (1922), trata de advertir á xente da parroquia sobre un embaucador que percorre a zona:

Hace varios días que un individuo bien trajeado y que dice ser <<adivino>>, recorre estos lugares acompañado de un niño sonámbulo, al cual hipnotiza y en colaboración con él predice el porvenir y da noticias de personas ausentes.

Mucha gente de las aldeas, demasiado crédula, acude a él en consulta, la que es cobrada por adelantado, y a razón de cinco pesetas, por contestar a cada pregunta que se le hace.

Sería conveniente que, por quien corresponda, pusiera a buen recaudo al desaprensivo o sujeto (sic), porque se nos figura que es poco lícito el negocio de explotar a los incautos.



De sempre foi a igrexa de Beluso o lugar central no dái da festa. Alí se celebraba a misa solemne da mañá, e no terreo anexo ao Adro organizábase a verbena que amenizaban as agrupacións musicais más famosas dos contornos. A misa do Carme era seguida dunha procesión multitudinaria encabezada pola imaxe da Virxe. Durante o traxecto, os sons da Banda e as explosións das bombas acompañaban o silencio dos fieles.

Terminados os actos relixiosos, a Comisión de Festas organizaba